

ANUNCIO

RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN: PROBA TEÓRICO - PRÁCTICA

Proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, mediante o sistema de concurso-oposición, de dúas (2) prazas de Oficial Tractorista incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Finalizado o prazo de presentación de alegacións, o tribunal acorda modificar de oficio a resposta formulada a pregunta número 10 dando como quinta opción a parroquia de Berdillo, polo que a resposta correcta a esta pregunta queda redactada do seguinte xeito:

10. Indica dúas parroquias do concello de Carballo, que linden co Río Anllóns.

Indicar dúas destas parroquias: **Bertoa, Carballo, Sísamo, Goiáns e Berdillo.**

O Tribunal cualificador acorda publicar a **baremación definitiva** do primeiro exercicio da fase de oposición, PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA, polas persoas aspirantes presentadas, identificadas cos correspondentes **códigos alfanuméricos**, de acordo coa modificación realizada a resposta da pregunta número 10, segundo ao indicado no **Anexo I**.

Publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

Así mesmo, recordase que o tribunal acordou fixar a **realización do segundo exercicio da fase de oposición, PROBA PRÁCTICA**, para o vindeiro XOVES 3 DE ABRIL DO 2025, ás 8.45 horas no Centro Social de Ardaña (Rúa Igrexa nº 77, 15109, Carballo).

E que, para a realización deste exercicio da fase de oposición, proba práctica, as persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único e, recordase, que **DEBERÁN IR PROVISTAS DE BOTAS DE SEGURIDADE, ROUPA DE TRABALLO E GUANTES DE TRABALLO**, do contrario NON poderán realizar a dita proba.

En Carballo, documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe

A Presidenta
Ana Pena Bello

A Secretaria
María José Soto López

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000024

Anexo I
Oficiais Tractoristas
PRIMEIRO EXERCICIO. TEÓRICO-PRÁCTICO

CÓDIGO	PUNTUACIÓN
TV2-R8J	27,25
B59-XJX	21,69
DG0-8GG	17,13
PIP-39V	16,52
085-01S	17,92
E05-JZC	15,28
3Q7-2RX	15,11
9FY-S8P	15,00
K0N-27F	15,00
E13-K3N	11,22
X2F-RSR	13,49
RPB-582	12,39
VNN-BX5	11,87
IMB-LIY	11,75